

Provincia: A Coruña.

Concello: Santiago de Compostela.

Localidade: Santiago de Compostela.

Denominación: Milagros S.L.

Endereço: Fernando III O Santo, n.º 12, Galerías Valle Inclán.

Titular: Logilde Rodríguez Alba.

N.º total de postos escolares autorizados para as dúas profesións: 30.

Autorízase a implantación de ensinanzas homologadas da área de coñecementos técnicos e prácticos de formación profesional de primeiro grao da rama de peluquería e estética, profesión peluquería, profesión estética, quedando o dito centro obrigado ó cumprimento da lexislación vixente e debendo comunicar calquera variación que se produza en relación cos datos sinalados.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos.

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 1991.

Juan Piñeiro Permuy  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

Ilmo. Sr. Director Xeral de Formación Profesional

*Orde do 12 de xullo de 1991 pola que se designan os novos centros de ensino medio autorizados para levar á práctica durante o curso 1991-92, con carácter experimental, proxectos de integración de alumnos con minusvalideces.*

Segundo coa liña de actuación iniciada durante o curso 1989-90, e de acordo coa orde do 25 de abril de 1991, pola que se ampliaba para o curso 1991-92 o ámbito de aplicación do plan experimental da integración de alumnos con minusvalideces en centros ordinarios de ensino medio, unha vez cumplidos os requisitos legais e transcorridos os prazos previstos na convocatoria,

#### RESOLVO:

1.—Autoriza-los centros que se relacionan no anexo para levar á práctica durante o curso 1991-92, con carácter experimental, os proxectos de integración seleccionados.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 1991.

Juan Piñeiro Permuy  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

Ilmos. Sres. Directores Xerais de Ensinanzas Medias e de Formación Profesional

#### ANEXO

Denominación do centro	Localidade/Provincia
I.B. Arcebispo Xelmírez II	Santiago de Compostela (A Coruña)
I.B. Eduardo Blanco Amor	Ourense

#### Consellería de Industria e Comercio

*Resolución do 10 de xuño de 1991, da delegación provincial de Lugo, pola que se autoriza o establecemento da instalación eléctrica que se cita. (Expte. 3.195 AT).*

Visto o expediente incoado nesta delegación provincial por instancia de Unión Eléctrica - Fenosa , S.A., con domicilio en Ourense, Sáenz Díez, 95, no que se solicita autorización para instalar LMT, CT, RBT. Berbetoros, concello de Palas de Rei, e cumpridos os trámites de información pública que determina o artigo nono do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sen que se presentase oposición nin obxección ningunha á citada solicitude.

O delegado provincial, de conformidade co Decreto 1.634/1980, artigo 14, e co 2.617/1966, artigo 11, así como coas demais disposicións vixentes resolveu:

Autorizar a Unión Eléctrica - Fenosa, S.A., a instalación dunha liña de media tensión de 20 kV, conductores LA-56, e LA-30 apoios, apoios de formigón e metálicos, cunha lonxitude de 4.554 metros. Centros de transformación de 50 kVA. cada un, de 20.000, 380/220 V. Redes de baixa tensión, de 8.948 metros, conductores RZ-95-50-25 mm<sup>2</sup> Al.

Esta autorización non supón a aprobación do proxecto.  
Lugo, 10 de xuño de 1991.

Jesús Bendaña Suárez  
Delegado Provincial